

ANUNCIO Pág. 13941 Reg. 13566-x.

Anterior

Siguiente

Ordenanzas fiscais

### **Aprobación definitiva ordenanzas fiscais**

O Pleno do Concello De Porto do Son, en sesión extraordinaria celebrada o 8 de novembro de 2003, acordou aprobar provisionalmente o establecemento e modificación das ordenanzas que de seguido se relacionan. Unha vez expostas o público polo período de trinta días hábiles mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de 15 de novembro de 2003, sen que durante o referido período se presentasen reclamacións, elévanse a definitivos os referidos acordos, e procédese a publicación do seu textos íntegro, de acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 39/88, Reguladora das Facendas Locais.

### **ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

De conformidade coas facultades normativas outorgadas polos arts. 133.2 e 142 da Constitución española e polo art. 106 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade ó establecido nos arts. 15 e seguintes, así como dos arts. 79 e seguintes da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, régúlase o imposto de sobre actividades económicas que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

#### **Artigo 1º .-Normativa aplicable.**

O imposto sobre actividades económicas rexeráse neste concello:

- a) Polas normas reguladoras do mesmo contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenrolen a devandita Lei.
- b) Polas Tarifas e Instrucción do Imposto, aprobadas por Real Decreto Lexislativo 1175/1990, de 28 de setembro, e Real Decreto Lexislativo 1259/1991, de 2 de agosto.
- c) Pola presente Ordenanza Fiscal.

#### **Artigo 2º .-Cota tributaria**

A cota tributaria será o resultado de aplicar á cota de tarifa do imposto o que se refire o artigo seguinte, o coeficiente de ponderación regulado no artigo 4 e, no seu caso, o coeficiente de situación regulado no artigo 5, ambos da presente Ordenanza Fiscal.

### **Artigo 3º .-Cota de tarifa**

A cota de tarifa será a resultante de aplicar as Tarifas e Instrucción do imposto aprobadas polo Real Decreto Lexislativo 1175/1990, de 28 de setembro, e polo Real Decreto Lexislativo 1259/1991, de 2 de agosto, ou as normas que os substitúan.

### **Artigo 4º .-Coeficiente de ponderación**

De acordo co previsto no artigo 87 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, sobre as cotas municipais da tarifa aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro:

<b>Importe neto cifra de negocios (euros)</b>	<b>Coeficiente</b>
Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	1,29
Dende 5.000.000,01 ata 10.000.000,00	1,30
Dende 10.000.000,01 ata 50.000.000,00	1,32
Dende 50.000.000,01 ata 100.000.000,00	1,33
Mais de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra neta de negocio	1,31

Para os efectos de aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por este e determinarase de acordo co previsto no artigo 83.1º da lei 39/1988.

### **Artigo 5º .-Coeficiente de situación.**

1.-Sobre as cotas municipais de tarifa, incrementadas por aplicación do coeficiente de ponderación regulado no artigo 4 desta Ordenanza Fiscal, aplicarase o índice que corresponda das sinaladas no cadro establecido no apartado seguinte, en función da categoría de rúa do Concello na que estea situado o local no que se exerza a actividade respectiva.

2.-Establécese o seguinte cadro de coeficiente de situación:

Categoría fiscal das vías públicas	1ª	2ª	3ª	4ª
Coeficiente aplicable	2,3	2,2	2,1	2

3. Ós efectos de aplicación do cadro de coeficientes establecido no apartado anterior, establécese a seguinte clasificación fiscal de vías públicas do Concello:

Categoría 1ª.

a) En Porto do Son: Rúa da Igrexa; Avenida de 13 de Setembro; Avenida de Galicia; Rúa da Roda; Campo da Atalaia; Rúa Camiño Novo; Praza de España; e Rúa Trincherpe.

b) En Portosín: Avenida da Constitución; Rúa de Coira; Avenida de Coira; Praza do Curro; Rúa da Rambla; e Travesía da Igrexa.

Categoría 2ª.

a) Resto das vías incluídas no solo urbano de Porto do Son.

b) Resto das vías incluídas no solo urbano de Portosin.

Categoría 3ª.

Estrada Autonómica C-550 Noia-Ribeira, todo o tramo que discorre polo termo municipal, nas súas marxes esquerda e dereita.

Categoría 3ª.

Resto das vías do Concello.

4. Os locais con fachada a dúas o mais vías de distinta categoría, clasificaranse na categoría mais elevada das posibles.

### **Disposición final**

Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.